



DECRETO DA PRESIDENCIA

ASUNTO: contratacións derivadas da bolsa de emprego secundaria de sarxentos

EXPEDIENTE: 2021/X999/000094

DECRETO: 2021/G003/000215

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

<<(…) Logo de ver o Informe-Proposta da Xerencia do 16.08.2021, no que se fai unha nova proposta de modificación das contratacións derivadas da bolsa de emprego secundaria de sarxentos, co seguinte teor literal:

Emítase o seguinte informe de conformidade co disposto no artigo 16º dos Estatutos reguladores do Consorcio.

INFORME:

Por Decreto da Presidencia número 89/2021, do 9 de abril, aprobáronse as bases e a convocatoria que rexerán o procedemento de selección para a constitución dunha bolsa de emprego secundaria para a cobertura temporal de postos de sarxento no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante concurso de méritos, entre persoal coa categoría de cabo-xefe de quenda.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, mediante Decreto da Presidencia núm. 125 de 20.05.2021 aprobouse a relación provisional de admitidos e excluídos que solicitaron participar dentro do prazo establecido.

Rematado o prazo de tres días naturais para a presentación de emendas, que transcorreu dende o 22.05.2021 ao 24.05.2021, de conformidade co establecido na base quinta e sexta das reguladoras do proceso selectivo, procedeuse mediante Decreto da Presidencia nº 134/2021 de data 27.05.2021, á aprobación da lista definitiva, nomeamento do tribunal e convocatoria para a valoración de méritos da fase de concurso.

Logo da valoración de méritos por parte do tribunal cualificador, e publicación da correspondente acta, procedeuse a resolución das alegacións presentadas no prazo establecido ao efecto, formulouse proposta de resolución, con data 11.06.2021, que foi elevada a esta Presidencia, para a súa aprobación.

Por Decreto da Presidencia número 154/2021, do 16 de xuño, procedeuse a aprobación e formación da bolsa de emprego secundaria para a cobertura temporal de postos de sarxento no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Por Decreto da Presidencia número 189/2021, do 29.07.2021, procedeuse a aprobación da táboa na que se recollían as substitucións derivadas da bolsa de emprego secundaria, para a cobertura temporal de postos de sarxento no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Logo de ver que existen novas necesidades de contratación derivadas, por unha banda, pola petición de novos permisos e, por outra banda, por variacións derivadas de situacións de IT, procédese a modificación da táboa de substitucións do seguinte xeito:

PARQUE	DÍAS A CUBRIR	CABO QUE CUBRE
SPEIS01 Carballo	13/09 - 27/09	David Lago Ábalo
SPEIS02 Arteixo	10/08 - 23/08	José María López Rivas
	13/10 - 27/10	José María López Rivas
SPEIS03 Boiro	13/09 - 27/09	Francisco Javier García Vidal ²
	08/11 - 22/11	Francisco Javier García Vidal
SPEIS04 Ribeira	26/07 - incorporación	Moisés Fernández Santos
SPEIS05 Ordes	26/07 - 26/09	Oscar Carballido Mosquera



SPEIS06 Arzúa ¹	26/07 ¹	Román Rey González
SPEIS07 Betanzos	06/09 – 20/09	José María López Rivas
SPEIS08 As Pontes	21/09 – 05/10	Fernando Lago Camacho
SPEIS09 Cee	02/08 – Incorporación	Francisco Javier García Vidal
SPEIS10 Santa Comba	17/08 – 15/09	Alberto Villanueva Rey

1.- Esta cobertura será con carácter provisional, ata a tramitación do procedemento correspondente para a cobertura de vacante, de conformidade co establecido no convenio de aplicación.

2.- Sempre é cando teña finalizada a substitución no Speis09-Cee.

Por todo o anterior e ao abeiro do artigo 16 dos Estatutos reguladores do Consorcio, faise a Presidencia do Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña, a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- A asignación das funcións como sarxentos-xefes de parque aos seguintes traballadores nas datas que se determinan a continuación:

PARQUE	DÍAS A CUBRIR	CABO QUE CUBRE
SPEIS01 Carballo	13/09 - 27/09	David Lago Ábalo
SPEIS02 Arteixo	10/08 - 23/08	José María López Rivas
	13/10 - 27/10	José María López Rivas
SPEIS03 Boiro	13/09 - 27/09	Francisco Javier García Vidal ²
	08/11 - 22/11	Francisco Javier García Vidal
SPEIS04 Ribeira	26/07 - incorporación	Moisés Fernández Santos
SPEIS05 Ordes	26/07 - 26/09	Oscar Carballido Mosquera
SPEIS06 Arzúa ¹	26/07 ¹	Román Rey González
SPEIS07 Betanzos	06/09 – 20/09	José María López Rivas
SPEIS08 As Pontes	21/09 – 05/10	Fernando Lago Camacho
SPEIS09 Cee	02/08 – Incorporación	Francisco Javier García Vidal
SPEIS10 Santa Comba	17/08 – 15/09	Alberto Villanueva Rey

1.- Esta cobertura será con carácter provisional, ata a tramitación do procedemento correspondente para a cobertura de vacante, de conformidade co establecido no convenio de aplicación.

2.- Sempre é cando teña finalizada a substitución no Speis09-Cee.

SEGUNDO.- Dar traslado ao departamento de nóminas e contabilidade, para que procedan ás modificacións correspondentes nos salarios dos traballadores que van exercer funcións de categoría superior.

TERCEIRO.- Dar traslado ao Comité de Empresa e facer público este acordo na sede electrónica e na páxina web do Consorcio, segundo o establecido na base 9ª do devandito procedemento selectivo.

Por todo o anterior e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO:

ÚNICO.- Aprobar a proposta nos seus mesmos termos.

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,
Asdo.: Mª Graciela Riveiro Moreira